



# MERCA AQUÍ LEVA COMPOSTELA NO CORAZÓN

**BONOS CORAZÓN COMPOSTELA**

**Se tes un comercio  
ou un local de hostalería  
abónate á campaña**



**+info:** [bonoscorazoncompostela.gal](http://bonoscorazoncompostela.gal)

## 1. QUE SON OS BONOS CORAZÓN COMPOSTELA?

O programa de Bonos Corazón Compostela é unha iniciativa do Concello de Santiago que ten por obxectivo incentivar a actividade económica en Santiago de Compostela mediante o cofinanciamento de bonos para o consumo no comercio e a hostalería local.

## 2. COMO FUNCIONAN OS BONOS CORAZÓN COMPOSTELA?

**Cada cliente poderá descargar ata 3 bonos cofinanciados nun 40% polo Concello de Santiago e nun 60% pola persoa solicitante.** Hai tres tipos dispoñibles:

- **Bono de 75 €:** 45 € ponos o usuario, 30 € o Concello.
- **Bono de 50 €:** 30 € ponos o usuario, 20 € o Concello.
- **Bono de 30 €:** 18 € ponos o usuario, 12 € o Concello.

Cadaquén poderá escoller entre calquera das 3 modalidades, sendo posible solicitar máis dun bono da mesma clase.

O importe dos bonos irase consumindo nas compras en bens e servizos realizadas nos establecementos adheridos ao programa entre o **24 de setembro e o 10 de decembro de 2021**, ata o esgotamento do saldo.

## 3. QUEN PODE ADHERIRSE AO PROGRAMA?

Todos os establecementos comerciais e de hostalería que desenvolven a súa actividade no concello de Santiago de Compostela en réxime de autónomos ou pemes.

## 4. COMO SUMARSE AO PROGRAMA?

Entra na web [www.bonoscorazoncompostela.gal](http://www.bonoscorazoncompostela.gal) e rexistra o teu negocio indicando os seus datos.

## 5. ATA CANDO SE PODE SOLICITAR INCORPORARSE AO PROGRAMA?

Tes de prazo ata o 22 de novembro de 2021, pero inscíbete canto antes para que os teus clientes poidan trocar os seus bonos.

## 6. COMO SE REALIZARÁ O COBRO DOS BONOS?

Os beneficiarios dos bonos realizarán o pago das súas compras no establecemento cun código QR a través da aplicación do programa.

Os negocios recibirán semanalmente o importe equivalente aos bonos trocados a través da conta indicada no proceso de inscrición.

O límite máximo de bonos para trocar nun establecemento está fixado nunha contía de 15.000 euros. A través da plataforma cada asociado poderá consultar o seu histórico de vendas dentro do programa.

**ENTRA XA EN  
[WWW.BONOSCORAZONCOMPOSTELA.GAL](http://WWW.BONOSCORAZONCOMPOSTELA.GAL)  
E REXÍSTRATE!**





**+info:** [bonoscorazoncompostela.gal](http://bonoscorazoncompostela.gal)